



Concello de Cangas

CURSO DE MENTORING COMERCIAL PARA COMERCIANTES DA PRAZA DE ABASTOS

Cangas, 20/10/2016

O Concello de Cangas realizará a partir do luns 7 de novembro unhas actuacións de asesoramento e formación dirixidas ós/ás comerciantes adxudicatarios/as de postos na Praza de Abastos de Cangas, como complemento ás actuacións de mellora e rehabilitación física realizadas nestes días na mesma, e subvencionadas parcialmente pola Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Estas accións formativas buscan un aumento da rendibilidade do punto de venda dos/das praceiros/as, utilizando técnicas de "mentoring comercial", colocación do produto, e atención ó cliente.

Os contidos se impartirán na Casa de Oficios Lorenzo Corbacho o día 7 e 14 de novembro, cunha duración de 9 horas en total, e serán os seguintes:

- Mentoring comercial
- Visual merchandising
- Atención ó cliente
-

Así mesmo, os/as praceiros/as contarán neste período formativo con 30 horas de asesoramento e titorías individualizadas a desenvolver nas oficinas da Axencia de Desenvolvemento Local do concello, estas sesións permitirán adaptar os contidos desta formación ás circunstancias concretas de cada posto.

As inscricións se tramitarán polo conserxe da Praza ata o luns 31 de outubro.

Con todo isto a Concellería de Desenvolvemento Económico e Emprego Local busca favorecer a actividade comercial deste espazo emblemático da vila pola súa significación histórica, patrimonial e turística.

Concelleira de Desenvolvemento Económico e Emprego Local